

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 19 de xaneiro de 2015.

HORA DE COMEZO: 21:10 h.

HORA DE REMATE: 21:40 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. José Luis Gestido Porto.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 12 de xaneiro de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 15 DE XANEIRO  
DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS  
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 25.023.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.108.-** A Alberto L. Cid Iglesias e Josefa Fontán Piñeiro, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas son: 82,316 m<sup>2</sup>., de semisoto, 82,29 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 64,52 m<sup>2</sup>., de primeiro andar e 44,00 m<sup>2</sup>., de terrazas.

\*\*\*

**EXPEDIENTE N° 25.331.- MODIFICACION DA LICENZA DE OBRA MAIOR N° \*\*\*\* .-**

A BUTANO Y PROPANO ESTÉVEZ VILAS, S.L., para en Boubeta-Coiro, construír unha edificación para centro sanitario-asistencial de 180,90 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 21,45 m<sup>2</sup>., de terrazas, de conformidade co proxecto da arquitecta, María Teresa Fernández Iglesias, visado con data do 10 de decembro de 2014, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada a aprobación e firmeza da parcelación solicitada no expediente de obras n° 22.393 o día 14 de xaneiro de 2015. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada á aprobación e firmeza da parcelación solicitada no expediente n° 22.934 o 14 de xaneiro de 2015.

2.A.2) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE N° 22.934.-** Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove "BUTANO Y PROPANO ESTÉVEZ VILAS, S.L.", con enderezo na Avda. de Vigo, n° 86, e que consiste nunha división en 2 parcelas: n° 1 de 1.773,00 m<sup>2</sup>., e n° 2 de 550,00 m<sup>2</sup>., procedentes dun predio matriz de 2.323,00 m<sup>2</sup>., sito na Boubeta-Coiro.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Deixar sen efecto a licenza de parcelación outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de abril de 2008.

Segundo.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado o día 14 de xaneiro de 2015, redactado pola arquitecta, María Teresa Fernández Igleias.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

#### 2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE N° 24.533.-** O tramitado a instancia de José Luis Videira López, con enderezo en Camiño Castiñeiras, n° 4-Pinténs-O Hío, para instalación de estrutura metálica desmontable en Camiño os Carballos, s/n-Pinténs-O Hío, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 21 de marzo de 2014.

**EXPEDIENTE N° 24.004.-** O tramitado a instancia de Filomena Carmen Bermúdez de la Torre, para reconstrución de cerramento en Rozabales-Aldán, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 24 de marzo de 2014.

**EXPEDIENTE N° 24.580.-** O tramitado a instancia de Laura Fernández Marcos, para cambio de tella, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 31 de maio do 2013.

**EXPEDIENTE N° 25.118.-** O tramitado a instancia de Alejandra Rey Quinteiro, con enderezo nas Fenteiras, n° 50-O Hío, para apertura de oco no escaparate na Avda. de Marín, n° 2-Cangas, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 19 de agosto de 2014.

**EXPEDIENTE N° 25.114.-** O tramitado a instancia de Benedicta Rodal García, con enderezo en Espiñeira Centro, n° 17-Aldán, para limpar a fachada da vivenda no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 11 de setembro de 2014.

#### 2.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

**EXPEDIENTE N° 24.803.-** A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para no Igrexario-O Hío, executar 403,00 metros de canalización de rede de media tensión subterránea e instalación de un centro de transformación, de conformidade co proxecto SGD 248313050071, do 20 de agosto de 2013, autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do

día 30 de decembro de 2014, condicións impostas pola Deputación Provincial do día 17 de febreiro de 2014 e coas seguintes condicións:

- \* Non se permiten reposicións parciais.
- \* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
- \* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.
- \* Debe presentar un aval por importe de VINTE E SETE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (27.958,99 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Unión Fenosa Distribución", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

- \*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.
- \*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.179.-** O tramitado a instancia de M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Gómez, con enderezo en Rúa Castilla la Mancha, nº 38-San Agustín de Guadalix-28750-Madrid, para vivenda en Viñó-O Hío, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 15 de setembro de 2014.

2.A.5) PROPOSTA DA COMISION TÉCNICA, INTEGRADA POR MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ, ALFONSO LAGE PÉREZ, JESÚS S. RODAL SOTELO E ANGEL GRAÑA IGLESIAS, PARA A UNIFICACIÓN DE CRITERIOS SOBRE A INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 24 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA, ANTE AS DÚBIDAS QUE SUSCITA

Dase conta de proposta do 15.1.15 da Comisión Técnica de Urbanismo, referente a unificación de criterios sobre a interpretación do artigo 24 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA COMISION TECNICA, INTEGRADA POR MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ, ALFONSO LAGE PÉREZ, JESÚS S. RODAL SOTELO E ANGEL GRAÑA IGLESIAS, PARA A UNIFICACIÓN DE CRITERIOS SOBRE A INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 24 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA, ANTE AS DÚBIDAS QUE SUSCITA*

*As cesións de terreos necesarios para apertura ou regularización do viario preciso serán esixibles cando se pretendan construír novas edificacións ou substituír as existentes, considerando que son NOVA EDIFICACIÓN, tanto as edificacións principais como adxectivas de nova construción, e entendendo por SUBSTITUCIÓN que implica cesión aquela que afecte ao volume e/ou á edificabilidade da edificación, entendendo que o cambio de cuberta non implica cesión."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE N° -24.870.-** A Mª Carmen Martínez González, con enderezo en Rozabales, n° 35-Aldán, para no referido lugar, reparar a fachada da vivenda nunha superficie de 32,00 m2., cambiar a tella do asador en 12,00 m2., e pintado de cerramento en 28,00 m2., de conformidade co proxecto de decembro de 2013, e as condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do día 24 de xaneiro de 2014.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

Este punto foi retirado da orde do día.

### **4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

#### 4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 42/2012

Dase conta de proposta do instrutor do día 13.1.15 referente ao expediente de infracción urbanística n° 42/2012, que é como segue:

*"PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 42/2012*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2014, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Rosalía Bolívar Piñeiro e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Mendiña, n° 60-Aldán, obras consistentes en realizar un muro entre propiedades, superficie aproximada 25 metros, sendo a construción de carácter legalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado o día 28 de novembro do 2014 presenta escrito de alegacións indicando que:*

*- Recoñece expresamente a súa responsabilidade derivada do comezo das obras sen a preceptiva licenza.*

- *Que está de acordo coa tipificación de sanción leve.*

- *Solicita que a redución da sanción nun 80 por cento.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.3.4 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Rosalía Bolívar Piñeiro, na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 1250 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Rosalía Bolívar Piñeiro, na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez deducida nun 80 por cento ao legalizar as obras antes da resolución do presente expediente) por infracción ao ter cometido obras no lugar de Mendiña, nº 60-Aldán, consistentes en realizar un muro entre propiedades superficie aproximada 25 metros.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de infracción urbanística nº 42/2012.



#### 4.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 36/2011

Dase conta de proposta do instrutor do día 14.1.15 referente ao expediente de infracción urbanística n° 36/2011, que é como segue:

*"PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 36/2011*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo do 2014, resulta que:*

#### *ANTECEDENTES*

*PRIMEIRO.- Por parte de Florinda Areal López, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Areacoba-Aldán, obras consistentes en realizar ampliación de vivenda sen recuar os 4,00 metros do eixo do camiño, tal e como sinalaba a licenza concedida n° 22421 e porque o cerramento non recuado foi enfoscado pintado e ampliado cunha balaustrada de pedra, sendo a construción de carácter ilegalizable. Dito expediente está arquivado por Resolución de Alcaldía do día 25 de marzo de 2014, visto o informe da inspección municipal do día 14 de xaneiro de 2013, no que informa que as obras obxecto deste expediente foron demolidas.*

*SEGUNDO.- Tal e como establece a Lei 9/2002, do 30 de decembro, por acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo do 2014, incoouse expediente sancionador polo feitos descritos anteriormente. Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data do 4 de decembro de 2014 presenta escrito de alegacións, indicando en síntese que:*

*A Xunta de Goberno Local con data do 28 de xullo de 2010, concedeu licenza n° 22421 para reformar e ampliar a edificación existente, que o prazo para rematar ditas obras finalizaba o 28 de xullo de 2013 e que, polo tanto, a acta de inspección levantouse no prazo de execución das licenzas concedidas. Puntualizan que parte das obras licenciadas comprendían a urbanización, cesión e regularización do sistema viario que sería executada simultaneamente co resto da obra e que polo tanto as obras executadas foron por seguridade durante a execución da obra e que se reconsidera a tipificación da infracción, considerando esta como leve e aplicándolle todas as reducións posibles.*

*Con data do 12 de xaneiro de 2015, vistas as alegacións formuladas, o arquitecto municipal informa que: 'Visto o dito no presente escrito considéranse de carácter leve as infraccións obxecto do presente expediente.'*

#### *CONSIDERACIONES XURÍDICAS*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 217 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Florinda Areal López, na súa calidade de promotora, é responsable directa da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción e impoñer na súa contía 1250 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, de 5 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Florinda Areal Pérez, na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez reducido o 80 por cento por legalizar as obras antes de finalizar o expediente sancionador) por infracción urbanística tramitada no expediente de restauración da legalidade urbanística.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de infracción urbanística nº 36/2011.

#### 4.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 24/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 12.1.15 referente ao expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

## *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

### *RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31/03/2014, RECAÍDO EN EXPEDIENTE DE SANCIONADOR N° 24/2011-S*

*Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 11 de agosto de 2014, do expediente sancionador n° 24/2011-S, no que se desestima o recurso de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014, no que se impuxera unha sanción ao recorrente de 6.001 €, pola realización de obras en Rabáns, consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 m., a menos de 4 m. do eixo.*

#### *ANTECEDENTES DE FEITO*

*PRIMEIRO.- O día 8 de xuño de 2011 levantouse acta de inspección urbanística polo inspector municipal, sinalando que no lugar de Rabáns se estaban a realizar obras consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto, nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo. Tramitado expediente de restauración da legalidade urbanística este remata por Resolución de Alcaldía do día 11 de xullo de 2011, ordenando desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo.*

*SEGUNDO.- En cumprimento do disposto no artigo 219 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por acordo da Xunta de Goberno Local incoouse procedemento sancionador polos feitos descritos no antecedente primeiro deste informe, expediente que unha vez tramitado rematou con acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014, polo que se impón unha sanción ao recorrente de 6.001 €, logo da desestimación das alegacións formuladas no expediente en data do 28 de outubro de 2013.*

*TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto (recurso de reposición admitido a trámite xa que se advirte un erro na notificación do acordo recorrido no que, novamente se da réxime de recurso) Juan Rafael Pérez alega:*

- Alega a caducidade do expediente, reiterando o manifestado no recurso de reposición desestimado e neste escrito recorrido.*

*A LOUGA sinala que incoado o procedemento sancionador este debe resolverse no prazo de un ano a contar desde a data da súa iniciación. Neste caso non será de aplicación o prazo xeral dos procedementos tramitados exclusivamente ao abeiro do R.d. 1398/1993. Así se ten pronunciado o TSXG na sentenza n°*

*919/2008, do 27 de novembro. Este é un prazo de caducidade, polo cal resulta viable a incoación dun novo procedemento sempre e cando a infracción non prescribise (artigo 92 da Lei 30/1992). Sentenza do T.S. 12/06/2003.*

*Por outra banda o T.S., en sentenza do 26 de maio de 2010, estableceu que o prazo para resolver o expediente computa desde o acordo de inicio, sen que deban considerarse as actuacións previas de investigación. En canto ao último día para finalizar o expediente 'dies ad quem', debemos ter en conta o disposto no artigo 58.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Este artigo establece que, aos solos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos o texto íntegro da resolución, así como, o intento de notificación debidamente acreditado. O expediente sancionador iniciouse por acordo da Xunta de Goberno Local o día 17 de xuño de 2013 e rematou coa notificación da imposición da sanción ao interesado o 22 de abril de 2014, polo que a alegación formulada debe ser desestimada.*

- Alegan así mesmo que a sanción imposta debe ser tipificada como leve.*

*Consta no expediente informe do arquitecto municipal do día 18 de abril de 2013 do arquitecto municipal, no que tipifica a infracción como non legalizable, ao abeiro do previsto no artigo 217.3.b da LOUG, ao tratarse de obras non permitidas nun solo rústico de protección de espazos naturais, polo que esta alegación tamén debe ser desestimada polos razoamentos expostos. Non se debe confundir o arquivo do expediente de restauración da legalidade urbanística acordo, trala demolición de obras non legalizables, con que a infracción obxecto do expediente sexa grave. Remitido o novo recurso formulado, o arquitecto informa novamente o día 12 de xaneiro de 2015, que se remite ao informado o día 18 de abril de 2013. Polos razoamentos expostos esta alegación debe ser, así mesmo, desestimada.*

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

*PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía do día 16 de xuño de 2011: 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'*

*SEGUNDO- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infraccións urbanísticas as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.*

*Consta no expediente informe do arquitecto municipal do día 18 de abril de 2013, que sinala as obras realizadas están tipificadas como graves segundo o disposto no artigo 217.3.b da LOUG.*

*Por todo o exposto, PROPONSE:*

*PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 11 de agosto de 2014, do expediente sancionador 24/2011-S, no que se desestima o recurso de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo de 2014, no que se impuxera unha sanción ao recorrente de 6.001 €, pola realización de obras en Rabáns, consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 m., a menos de 4 m., do eixo, confirmando esta en todos os seus termos, polos razoamentos expostos no corpo deste informe-proposta.*

*SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S.

## **5º.- INFORMES DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN S/CUALIFICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA DE OBRAS DO CASCO HISTÓRICO DE CANGAS**

### **5.A) INFORME S/EXPEDIENTE P-AR-0012/13**

Dáse conta de informe emitido o día 14.1.15 pola arquitecta-técnica da OFICINA DE REHABILITACIÓN, referente a OBXECTIVOS 2011-10ª FASE, que di o seguinte:

*"CAUSAS QUE MOTIVAN O INFORME:*

*Renuncia á subvención da cualificación provisional do expediente P-AR-0012/13 a nome de  
José García Bermúdez.*

*INFORME:*

*Pola presente remitimos a renuncia á subvención con cualificación provisional P-AR-0012/13, actuación incluída nos Obxetivos 2011 (10ª Fase), para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local para remitilo á Consellería de Vivenda, e posteriormente levar a cabo a súa tramitación de renuncia:*

Nº EXP.	PROPIETARIO	SITUACIÓN OBRA	Fomento	IGVS	Subv. concello
P-AR-0012/13	José García Bermudez	Real, 25	3.000,00 €	3.000,00 €	1.386,67 €"

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da arquitecta-técnica da OFICINA DE REHABILITACIÓN, referente a OBXECTIVOS 2011-10ª FASE.*

**5.B) INFORME S/EXPEDIENTE P-AR-0013/13 E EXPEDIENTE P-AR-0019/13**

*Dáse conta de informe emitido o día 14.1.15 pola arquitecta-técnica da OFICINA DE REHABILITACIÓN, referente a OBXECTIVOS 2011-10ª FASE, que dí o seguinte:*

*"CAUSAS QUE MOTIVAN O INFORME:*

*Cualificación definitiva das obras rehabilitadas do Casco Histórico de Cangas e renuncia do expediente P-AR-0012/13 a nome de José García Bermúdez.*

*INFORME:*

*Pola presente remitimos a cualificación definitiva das obras realizadas no Casco dos Obxetivos 2011 (10ª Fase), para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local para remitilos á Consellería de Vivenda, e posteriormente levar a cabo a tramitación dos pagamentos das axudas:*

Nº EXP.	PROPIETARIO	SITUACIÓN OBRA	Fomento	IGVS	Subv. Concello
P-AR-0013/13	Mª José Caneda Fernández	Fonte do Galo, 10	5.000,00 €	5.000,00 €	979,78 €
P-AR-0009/13	Josefa Araujo Giráldez	Real, 23	5.000,00 €	5.000,00 €	4.160,00 €
<i>TOTAL</i>			<i>10.000,00 €</i>	<i>10.000,00 €</i>	<i>5.139,78€."</i>

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da arquitecta-técnica da OFICINA DE REHABILITACIÓN, referente a OBXECTIVOS 2011-10ª FASE.*

**SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

**6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE VARIACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

*Examinada as propostas do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 16.1.15, relativas a variacións do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que son como seguen:*

**"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante, tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social*

*dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle a M. Ríos González, con expediente nº 36008/01/000610, o Servizo de Axuda no Fogar, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

*Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 45 horas.*

*Custo total do servizo: 551,77€ (12,26 €/hora)*

*Segundo a resolución do Órgano de Valoración de Dependencia correspóndelle facer unha achega, con base na súa capacidade económica, dunha cota mensual de 13,34 €.*

*O servizo de SAF iniciárase a partir do 20 de xaneiro de 2015."*

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante, tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle a A. Piñeiro Herbello, con expediente nº 36008/01/002757, o Servizo de Axuda no Fogar por emerxencia a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:*

*Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 3 horas.*

*Custo total do servizo: 36,78 € (12,26 €/hora)*

*Segundo a resolución do Órgano de Valoración de Dependencia correspóndelle facer unha achega, con base na súa capacidade económica, pero tendo en conta a intervención en caso de emerxencia e a imposibilidade facer fronte ao pago non se establece unha cota mensual.*

*O servizo de SAF realizouse o 22 de decembro de 2014 por emerxencia e valórase abrir expediente pola posibilidade de novas incidencias de intervención urxente."*

#### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Visto o informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\*BAIXA do SAF de D.B. Fernández Iglesias, con expediente nº 36008/01/000019- VI 0000036524, pola quenda de dependencia tras ingreso en centro residencial."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente as tres propostas transcritas anteriormente, referentes a variacións no Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

#### **7º.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA POR EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta da concelleira de Sanidade, Servizos Sociais e Muller, do día 16.1.15, relativa a concesión de axuda económica por emerxencia social, que é como segue:

#### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por G. S. Corgnati, con NIE X 07194477 P, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS (666,00 €) a G. S. Corgnati."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **8º.- PROPOSTA DE BAIXA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL POR EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 15.1.15, relativa a baixa do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por Emerxencia Social, que é como segue:



*"Con relación no Servizo de Aloxamento Temporal en situacións de emerxencia social e en vista do informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\*A baixa de José María G. G., con expediente núm. 35559319P, por alcanzar os obxectivos marcados no proxecto de intervención, referentes á obtención dun novo aloxamento."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

## **EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

### **9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DAS BASES DO "XIV CERTAME DE CARTAS DE AMOR"**

Este punto foi retirado da orde do día.

### **10º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DO ORZAMENTO DE PAGO DE PREMIOS DO "XIV CERTAME DE CARTAS DE AMOR"**

Este punto foi retirado da orde do día.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

#### **11.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E NIF</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
JOSEFA ARAÚJO GIRÁLDEZ (MANUXI CANGAS, S.L.)	R/Real, nº 23-Cangas. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

SARA SOAGE CARBALLO	R/O Espírito Santo, nº 32-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
---------------------	--

## 11.A.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

### 11.A.2.a) SOLICITUDE DE RICARDO GUIMERÁNS TORRES

Examinada a solicitude presentada o día 22.12.14 por RICARDO GUIMERÁNS TORRES, para baixa de sinal de pasaxe permanente nº 378.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

### 11.A.2.b) SOLICITUDE DE JOSE ANTONIO FARIÑA SAMBADE

Examinada a solicitude presentada o día 18.12.14 por JOSE ANTONIO FARIÑA SAMBADE, para baixa de sinal de pasaxe permanente autorizado a BERNARDINA CALVIÑO FARIÑA, sito na entrada do edificio nº 18 da Rúa Seixo-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

11.A.2.c) SOLICITUDE DE MANUELA FERNÁNDEZ RODAS (ARAÚJO MOTOR, S.L.)

Examinada a solicitude presentada o día 30.12.14 por MANUELA FERNÁNDEZ RODAS, en representación da empresa "ARAÚJO MOTOR, S.L.", para baixa de sinal de pasaxe permanente nº 639, sito na Avda. de Bueu, nº 30-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

11.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE ELEMENTOS DE REDUCCIÓN DE VELOCIDADE NO CAMIÑO DA CAÍÑA

Visto o escrito presentado o día 9.1.15, por ANTONIO PARCERO GALVEZ, referente a solicitude de elementos de redución de velocidade no Camiño da Caína-San Roque-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido o día 14.1.15 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude do Sr. Parcero Gálvez para instalación de elementos de redución de velocidade no Camiño da Caína.

## 11.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDES DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES Á VÍA PÚBLICA

### 11.C.a) SOLICITUDE DE ÁNGELES MARÍN SOLIÑO

Visto o escrito presentado por ÁNGELES MARÍN SOLIÑO, referente a solicitude de instalación de espello na Avda. de Bueu-Cangas.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquiren a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

### 11.C.b) SOLICITUDE DE CAMILO MARTÍNEZ RIAL

Visto o escrito presentado por CAMILO MARTÍNEZ RIAL, referente a solicitude de instalación de espello entre o nº 41 e nº 42 do Camiño do Seixo-Piñeiro-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquieran a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

11.C.c) SOLICITUDE DE JOSEFA BRUN BAMIO

Visto o escrito presentado por JOSEFA BRUN BAMIO, referente a solicitude de instalación de espello en Cunchido de Abaixo, nº 38-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquiren a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

#### 11.C.d) SOLICITUDE DE "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BUENA VISTA"

Visto o escrito presentado por JESÚS IGLESIAS PIÑEIRO, en representación de "COMUNIDADES DE PROPIETARIOS BUENA VISTA", referente a solicitude de instalación de espello en Cunchido de Abaixo, nº 38-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquiren a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

#### 11.C.e) SOLICITUDE DE "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PRIMAVERA"

Visto o escrito presentado por SANTIAGO ARROYO GARCÍA, en representación de "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PRIMAVERA", referente a solicitude de instalación de espello en Camiño Vello, nº 3-Rodeira-Coiro.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquieran a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

#### 11.C.f) SOLICITUDE DE JOSE CARLOS ROMERO SOTO

Visto o escrito presentado por JOSE CARLOS ROMERO SOTO, referente a solicitude de instalación de espello en Camiño da Serra Nacente, nº 15-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o 12.8.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"INFORME 2400/14*

*ASUNTO.- SOLICITUDE DE ESPELLOS EN SAÍDAS PARTICULARES A VÍA PÚBLICA*

*A xefatura da Policía Local de Cangas, con relación a escritos que achega nos que se solicitan espellos para mellorar a visibilidade de saída das súas vivendas ou garaxes, fai constar:*

*\* Que se trata de saídas de predios ou propiedades privadas e polo tanto dun interese particular.*

*\* Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para todos os condutores, esta policía considera e salvo superior criterio que non se debería por parte do concello instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Outra cuestión é que os solicitantes adquiren a título particular ou de unha comunidade de propietarios un espello e que se proceda previamente a solicitar a administración titular da vía pública unha autorización para a súa colocación no tramo da vía que non supoña atranco para circulación de vehículos ou peóns, feito este que podería resolver o problema de visibilidade que se presenta."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a referida solicitude.

11.D) SOLICITUDE DE "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BUENA VISTA" S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA AVDA. DA CORUÑA

Visto o escrito presentado por JESÚS IGLESIAS PIÑEIRO, en representación de "COMUNIDADES DE PROPIETARIOS BUENA VISTA", referente a sinalización horizontal na PO-515, na Avda. da Coruña-Darbo, por ter o acceso ao garaxe do edificio sito na Avda. da Coruña, nº 72, con liñas discontinuas e por motivo do asfaltado da referida vía non poden acceder por ter liña continua.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda remitir a solicitude do Sr. Iglesias Piñeiro á Consellería de Obras Públicas da Xunta de Galicia, por ter competencias nesta vía pública.

**ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**



## **12º.- INFORME DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

### **12.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
VIOLETA NÚÑEZ AGÜERO	AVAL	3.436,20 €	EXPEDIENTE Nº 23.737

### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ACTIVIDADES CON CARGO AO PAM-ACTIVIDADES 2015**

Vista a proposta da Alcaldía do día 16.1.15, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para actividades con cargo ao PAM-ACTIVIDADES 2015, que é como segue:

##### **"PROPOSTA**

##### ***SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ACTIVIDADES CON CARGO AO PAM-ACTIVIDADES 2015***

*Publicadas no BOP de data do 2 de xaneiro de 2015, as bases reguladoras do Programa de Acción Municipal (PAM) para o exercicio 2015.*

*Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial comunicando que a este concello lle corresponde con cargo ó devandito plan a cantidade de VINTE E DOUS MIL CENTO VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (22.129,27 €).*

*Vistas as necesidades e redactadas as memorias presentadas polos técnicos municipais, proponho á Xunta de Goberno Local:*

**Primeiro.-** *Aprobar as memorias valoradas das seguintes actividades:*

<i>Denominación da actividade</i>	<i>Importe solicitado</i>	<i>Importe total</i>
<i>Aula de estimulación de nenos con dificultades</i>	<i>10.000,00</i>	<i>12.000,00</i>
<i>Escola de nais e pais</i>	<i>1.000,00</i>	<i>2.000,00</i>
<i>Semana Santa programa cultural</i>	<i>1.000,00</i>	<i>2.000,00</i>
<i>Actividades medioambientais en praias</i>	<i>10.129,27</i>	<i>12.100,00</i>

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das actividades que se relacionan e polos importes que se indican no apartado primeiro.

Terceiro.- Declarar que para as actividades relacionadas non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra o acordo que se adopte achegado do resto da documentación que se especifica nas bases da convocatoria."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para actividades con cargo ao PAM-ACTIVIDADES 2015.

## **B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS-2015**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.1.15, referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos-2015, que di o seguinte:

### "PROPOSTA

#### *SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015*

*A Deputación Provincial de Pontevedra publica no BOP do día 02/01/2015, as bases reguladoras da concesión do Plan Provincial de Obras e Servizos-2015 e remite escrito comunicando que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de TRESCENTOS NOVE MIL CINCOCENTOS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (309.500,38 €), para a realización dos investimentos que propoña.*

*Vistas as necesidades e co obxecto de seguir prestando un bon servizo aos cidadáns e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.*

*Propoño, á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial, con cargo ao POS-2015, axuda polo importe de TRESCENTOS NOVE MIL CINCOCENTOS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (309.500,38 €), para a execución dos seguintes proxectos:*

<i>Denominación proxecto</i>	<i>Importe solicitado</i>	<i>Importe total proxecto</i>
<i>Anteprojecto de pavimentacións San Roque</i>	<i>160.692,07</i>	<i>160.692,07</i>
<i>Melloras das instalacións deportivas</i>	<i>148.808,31</i>	<i>148.808,31</i>

*Segundo.- Aprobar os seguintes proxectos que se solicitan:*

<i>Denominación proxecto</i>	<i>Importe total proxecto</i>
<i>Anteprojecto de pavimentacións San Roque Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>160.692,07</i>
<i>Melloras das instalacións deportivas Redactor: arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez</i>	<i>148.808,31</i>

*Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para os proxectos que se solicita axuda, non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada.*

*Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas, ten dispoñibilidade sobre os terreos dos proxectos que se solicita axuda."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude á Deputación Provincial de axuda con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos-2015.

### **C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS-2015**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.1.15, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2015, que é como segue:

*"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS-2015*

*Publicada a Orde do 22 de decembro de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013.*

*Reunindo as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado: MELLORA ACCESO ESPÍÑEIRA-ALDÁN-CANGAS, polo importe total de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €).*

*Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados, á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, axuda polo importe de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) para a execución do proxecto denominado: MELLORA ACCESO ESPÍÑEIRA-ALDÁN-CANGAS, cun orzamento total de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €) e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.*

*Segundo.- Que, con data do 10 de outubro de 2014, este concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2013 ao Consello de Contas de Galicia.*

*Terceiro.- Que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.*

*Cuarto.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2013, ascenden á cantidade de CINCO MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (5.840.705,92 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2015.

#### **D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2015**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.1.15, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para o Plan de conservación e funcionamento de bens de servizos municipais-2015, que di o seguinte:

##### "PROPOSTA

*SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2015*

*A Deputación Provincial de Pontevedra publica no BOP do día 02/01/2015, as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan de conservación e funcionamento de bens de servizos municipais-2015.*

*A consecuencia da crise económica e mais dificultoso seguir a prestar determinados servizos de interese xeral ou social, e incluso servizos básicos e considerando que este municipio acada 3243 parados, faise preciso un esforzo para mellorar a empregabilidade que facilite a súa futura inserción no mercado laboral.*

*O Concello de Canga cunha poboación de 26.567 persoas e de conformidade co artigo 3 das bases, elabora memoria de necesidades e solicitando axuda para a contratación de 34 traballadores.*

*Polo que propono á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar axuda á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro das bases reguladoras do plan de conservación e funcionamento de bens e serzios municipais-2015, para a contratación de 34 traballadores de conformidade co seguinte:*

<b>Denominación servizo</b>	<b>Nº de traballadores</b>
<i>Servizo de limpeza e mantemento de espazos públicos</i>	<i>16 peóns</i>
<i>Servizo de limpeza viaria</i>	<i>6 peóns</i>

<i>Servizo de apoio á brigada de obras do concello</i>	<i>8 (7 peóns e 1 conductor): 4 peóns albaneis 1 peón electricista 1 peón xardineiro 1 peón pintor 1 condutor con carnet de conducir vehículos municipais, incluído tractor e máquina excavadora</i>
<i>Servizo de limpeza de edificios públicos</i>	<i>1 peón</i>
<i>Servizo de conserxería edificios públicos</i>	<i>2 conserxes</i>
<i>Servizo de apoio ao departamento de Turismo do Concello</i>	<i>1 Técnico Turismo (FP-2)</i>
<i>TOTAL</i>	<i>34</i>

Segundo.- Declarar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidades beneficiarias, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o cumprimento dos requisitos previstos para obter a condición de beneficiario da subvención referida no artigo 3 da convocatoria, relativos á súa capacidade técnica e de xestión."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para o Plan de conservación e funcionamento de bens de servizos municipais-2015.

#### **E) APROBACIÓN DE PROXECTO DE MELLORA DE VIEIRO EN ESPIÑEIRA-ALDÁN**

Visto o proxecto redactado o día 17.7.14 polo enxeñeiro técnico agrícola, Jose Manuel García Barros, referente a mellora de vieiro en Espiñeira-Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar a súa aprobación ao proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Jose Manuel García Barros, referente a mellora de vieiro en Espiñeira-Aldán.

SEGUNDO.- Dar traslado ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do proxecto de referencia, para que por este organismo se proceda a conceder a autorización pertinente ao Concello de Cangas para a execución da obra de mellora de vieiro en Espiñeira-Aldán.

#### **F) SOLICITUDE DE ORLANDO RODRÍGUEZ MALVIDO S/DENUNCIA DE DEFICIENCIAS EN REDE DE SUMIDOIROS**

Visto o escrito presentado o día 16.1.15 por ORLANDO RODRÍGUEZ MALVIDO, no que denuncia a existencia de tuberías proveñentes de edificios novos e que ao pasar pola súa propiedade no lugar do Espírito Santo, nº 3, e ao romperse inundan de augas fecais a súa propiedade, polo que demanda se solucione canto antes.

A Xunta de Goberno Local, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, toma coñecemento do escrito presentado polo Sr. Rodríguez Malvido.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente